

Semana 1-5 Xuño

LUNS 1

RETO
DE
COCIÑA

MARTES 2

RETO
DE
INGLÉS

MERCORES 3

RETO
DE
MOVEMENTO

XOVES 4

LECTO-
ESCRITURA

VENRES 5

RETO
DE
CIENCIA
Experimento



Luns 1

RETO DE COCIÑA

XEADO DE PLÁTANO CON CHOCOLATE NEGRO



INGREDIENTES:

- 2 plátanos lixeiramente maduros.
- 150gr de chocolate negro para fundir.
- 30ml de aceite de xirasol.
- Noces picadas ou outro topping que queiras

PREPARACIÓN:

- Monda os plátanos quitándolle ben os filamentos.
- Trocea cada un en 3-4 trozos (dependendo do tamaño que queiras o xeados).
- Insertar un depresor ou obxecto semellante na base de cada peza sen atravesalos de todo.
- Dispoñelos trozos anteriores nunha bandexa e conxelar por 15 min.
- Trocear o chocolate negro e añadir o aceite. Deixar que se funda a baño maria sen que ferva.
- Dispón os topping elixidos en pratos.
- Saca os plátanos, báñaos en chocolate (deixando que escurra o exceso) e rápidamente reboza con coidado no topping desexado.

ECOCONSELLO: reutiliza os depeseores para facer outra nova tandada de xeados ou ben a manualidade que máis che guste . Podes atopar algunha ida na seguinte ligazóns:

<https://manualidades.facilisimo.com/manualidades-con-depresores>



MARTES 2

RETO DE INGLÉS

Estades listos para o terceiro reto de inglés? Os dous primeiros acadástelos con nota! Aquí vai o terceiro. Let's go!!

Para conseguir o RETO de hoxe tes que:

Aprender un dos seguintes trabalinguas. Se te gravas e nos envías a gravación aos whatsApps das escolas conseguirás un 10!. Pero aínda que non o envías, ámate a aprendelo, os trabalinguas son divertidos en calquera lingua.

Tongue twister 1:

Este trabalinguas é tan sinxelo como mandar un bico rápido. Si! Di así: "QUICK KISS, QUICK KISS,..." A ver cantas veces eres capaz de repetilo antes de atrapallarte. Preme na imaxe para escoitalo e empezar a practicar.



Tongue Twister 2:

Este é un pouco máis difícil. Preme na imaxe para acceder a outra imaxe interactiva cos audios. Aconséllоче que primeiro o escoites unha vez premendo na icona de "play" de cor vermella. Despois, escoita as palabras e comproba o significado premendo nas iconas de "play" de cor verde. Por último, volve a escoitalo todo seguido e ... a practicar!



Mércores 3

RETO DE MOVEMENTO

Para superar o reto de hoxe terás que conseguir superar un triatlón caseiro no menor tempo posible e así poderás formar parte do equipo de protección do planeta. As durísimas probas serán:

1º Saltando illas:
precisaremos dous coxíns e teremos que recorrer 10 metros da forma que se indica no vídeo.



<https://www.youtube.com/watch?v=V9OJXKM2R8M>

2º Bolos: colleremos de 6 a 10 botellas de plástico, ás que asignaremos un número, e cunha pelota que teñamos pola casa intentaremos derrubar o máximo número en 3 tiradas.



Blog de : lifetime-lgomer

3º Labirinto de lá:
amarraremos la dun lado a outro do corredor ou habitación e os nenos/as terán que cruzar sen tocala. O que a toque volverá comezar e o tempo seguirá correndo.



https://eslamoda.com/20-ideas-geniales-para-converter-tu-casa-en-un-parque-de-diversiones-para-ninos?fb_action_ids=1015237779276391&fb_action_types=og.likes

Veña rapaces/zas, a bater as vosas propias marcas!!!



CRA BOQUEIXON-VEDRA "NEIRA VILAS"



Xoves 4

RETO DE LECTOESCRITURA: POEMA TOLO

Hoxe imos inventar un poema tolo. Consiste en combinar as palabras de diferentes formas. Atrévete a montar este poema de moitas maneiras diferentes! Usa, se queres, as imaxes ou as etiquetas para completalo.

UN... _____

CAEU ENRIBA DUN ... _____

E LEVOU UN SUSTO DE... _____

QUE PENA DE... _____ !

QUE NON SABE PARECER ... _____

E SÓ PODE SER ... _____



Xoves 4

RETO DE LECTOESCRITURA: POEMA TOLO

AVIÓN



ACORDEÓN

CAMPIÓN

LEÓN

COLCHÓN

CAMALEÓN



Venres 5

RETO EXPERIMENTO

O reto de hoxe consiste en facer un **RELOXO DE AREA RECICLADO**, axudaranos na medición do tempo (concepto moi abstracto para os nen@s). Podemos empregalo para a transición dunhas actividades a outras, para actividades cotiás como: lavar os dentes... axudará a taballar o concepto de tempo.

- MATERIAIS QUE PRECISAMOS:

1. 2 botellas de refresco.
2. Area fina
3. Cinta de pintor.
4. Cartón.
5. Pintura.



- **ELABORACIÓN:**

1. Primeiro fai un burato nos tapóns das botellas. Para saber canta area tes que botar no reloxo de area, proba medindo o tempo que ésta tarda en saír (se fas un burato de 2 mm de diámetro e botas 150 gr de area, cada volta do teu reloxo marcará 5 minutos).
2. A continuación recorta as botellas e debuxa nun trozo de cartón 2 círculos para apoiar as botellas e dous aneis do mesmo diámetro para aguantalas. Recorta círculos e aneis.
3. Despois pega os aneis nas bases e cubre o reborde ca cinta. Pinta as bases e encaixa nunha delas unha botella.
4. Finalmente une as botellas con cinta de pintor e decora o teu reloxo. Virte nel a area, péchao ca outra base e xa temos listo o nos reloxo de area reciclado.

* PREME AQUÍ E VERAS OS PASOS QUE HAI QUE SEGUIR:

<https://www.youtube.com/watch?v=jv4HgkD9rag>

